



## ESCOLAS SEN RACISMO, ESCOLAS PARA A PAZ E O DESENVOLVEMENTO CURSO 2016-2017

**Centro:** IES Milladoiro

**ONGD:** Asemblea de Cooperación pola Paz (ACPP) / Asociación Galega de Reporteiros Solidarios (Agareso)

O proxecto Escolas Sen Racismo, Escolas para a Paz e o Desenvolvemento constitúe un instrumento de traballo que pretende transversalizar a educación en valores no currículo escolar e require a participación de toda a comunidade educativa para alcanzar o propósito de crear unha sociedade máis xusta e solidaria. Se ben, ESR nace como unha ferramenta para loitar contra o racismo nas escolas e na sociedade, o proxecto foi evolucionando para converterse nun programa que busca educar na paz, a resolución de conflitos e a solidariedade dende unha perspectiva global.

O proxecto propón unha serie de actividades. Son propostas flexibles que poden ser enriquecidas e complementarse con iniciativas da comunidade educativa.

Enlaces de interese:

<http://www.acpp.com/>

<http://www.agareso.org/es>

## Actividade para 4º ESO: Xénero

**Unha vez máis esta actividade estará incluída nunha programación do centro e reforzará as actividades de sensibilización sobre Xénero programadas, concretamente unhas xornadas e charlas promovidas polo Concello de Ames.**

### **1. De Profesión Cidadáns/ás (DPC):**

#### **Descrición da actividade:**

De profesión cidadáns/ás (DPC) pretende difundir a importancia da participación cidadá responsable e activa como motor de cambio e beneficio social. O tema elixido será XÉNERO e consiste nunha exposición composta por paneis que amosan imaxes e textos seleccionados, claros e sinxelos, relacionados entre si. A exposición pretende ser unha ferramenta que conduza ao estudo e traballo de temas relativos ao presentado e á vez un material didáctico de por si. O propósito é provocar unha nova lectura e convidar á reflexión e á análise sobre o exposto. Xunto coa exposición editaranse e distribuiranse guías para o profesorado, que proporcionan unha orientación para tratar os contidos desta. O alumnado traballará a través dun pasaporte que se vai cubrindo coas súas reflexións e opinións. Por outra banda, propónse realizar un traballo transversal na aula, posterior á visita da exposición, a través da execución de actividades que poden enmarcarse dentro da programación do centro.

#### **Desenvolvemento da actividade:**

Unha dinamizadora de ACPP realizará unha visita guiada pola exposición con cada grupo participante deixando un espazo para a reflexión e o debate por parte do alumnado. Estas visitas están previstas no mes de novembro, unha vez rematado o ciclo de obradoiros que se expoñen a continuación. A continuación serán os/as docentes as persoas encargadas de profundizar na aula coa axuda da guía didáctica.

#### **Materiais:**

- Exposición: 20 paneis A3.
- Pasaporte alumnado: 1 cuadernillo por alumno/a (opcional).
- Guía didáctica para o/a docente.

## 2. Ciclo de Obradoiros de Prevención da Violencia de Xénero:

### Obxectivo Xeral:

Promover a construción dunha sociedade baseada na igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, a partir do coñecemento, a reflexión e a comprensión dos factores que sosteñen as desigualdades.

### Obxectivos Específicos:

- Coñecer as implicacións do sistema Sexo - Xénero na sociedade e na construción da propia identidade.
- Coñecer e respectar a igualdade entre os sexos.
- Analizar os axentes que interveñen na reprodución dos diferentes roles e estereotipos de xénero.
- Visibilizar e identificar a Violencia de Xénero para comprender o seu significado e alcance na identidade persoal e na sociedade.
- Sensibilizar e previr a Violencia de Xénero.
- Identificar as manifestacións do sexismo na linguaxe, amosando o gran potencial do uso non sexista do mesmo na comunicación e facilitar ferramentas de detección e transformación.
- Explorar, analizar e dotar de ferramentas de reflexión para recoñecer as manifestacións da Violencia de Xénero e o sexismo nas relacións sociais a través dos medios de comunicación, a publicidade, a documentación escrita, etc. co fin de crear unha actitude crítica fronte ás mensaxes estereotipadas.

### Metodoloxía:

Cun carácter, claramente, participativo xurdido da concepción investigación-acción. Trátase dun proceso no que as persoas integradoras do programa formativo (formadoras / dinamizadoras - beneficiarias) son as protagonistas do seu propio proceso de formación, posibilitando ás persoas a produción de coñecementos colectivos e apropiarse dos mesmos coa fin de obter unha comprensión da realidade cotiá. Un proceso xurdido das vivencias persoais do/no grupo, a partires das que se comparte, analiza, ponse en cuestión, teoriza, buscan solucións, etc.

As técnicas referidas favorecen a reflexión persoal e colectiva, o desenvolvemento dun espírito crítico, incitan á investigación, ao diálogo e a comunicación entre iguais.

Os materiais utilizados son: audiovisuais, prensa, revistas, bandas deseñadas, libros, etc; material de apoio constante cunha presentación deseñada para dar contexto teórico; a realización de exercicios grupais e individuais. A conxunción de dinámicas grupais e o uso de material multimedia pretende adaptar o marco teórico dun xeito didáctico e atractivo.

## Programa:

Bloque I: Marco Teórico:

- I. a. Violencia de Xénero.
- I. b. Por que sucede? Roles, Estereotipos e Sexismo.
- I. c. Axentes Socializadores e a súa influencia.

Bloque II: Identificando a Violencia de Xénero:

- II. a. Sinais de Alerta e Alarma.
- II. b. Relacións Igualitarias e Non Violentas.
- II. c. Posta e Propostas para a prevención.

## Cronograma:

Cada obradoiro consta de 2 Sesións de 60 minutos de duración por aula co fin de facilitar un tempo de reflexión entre cada un dos módulos. O tempo entre cada unha das sesións non debería ser maior a 15 días. Esta actividade levarase a cabo no mes de novembro.

Co fin de complementar este traballo, está previsto entregar aos /ás docente unha Guía de Recursos para facilitar a introdución do enfoque de xénero de forma transversal na súa práctica educativa, ademais de proporcionar ao profesorado unha ferramenta para favorecer a reflexión e adopción de comportamentos adecuados para a prevención da violencia no contexto educativo, ou para o emprego de linguaxe non sexista, proporcionando material didáctico para a súa utilización nas aulas.

## Temporalización:

- 4ºA: Luns 7 de novembro ás 13:40 e martes 15 ás 10:50 horas.
- 4ºB: Martes 15 de novembro de 8:50 - 10:30 horas.
- 4ºC: Martes 8 de novembro de 16:30 - 18:10 horas.